	Plan de mantenimiento y reparación de los bienes suministrados		5
	Precio ofertado sin IVA	588.800,00 €	4,26
	Ampliación del plazo de garantía		20
	Ajuste de temperatura de color de las luminarias		20
	Suministro de más unidades de las luminarias ofertadas		10
	Mejoras en la red de alumbrado municipal		15
	TOTAL		92,82

2º	Setga, S.L.U.	B36699064	Puntuación.
	Características técnicas de las luminarias propuestas		9
	Estudio lumínico justificativo		1,78
	Memoria de la ejecución		5
	Plan de mantenimiento y reparación de los bienes suministrados		5
	Precio ofertado sin IVA	625.800,00 €	3,50
	Ampliación del plazo de garantía		20
	Ajuste de temperatura de color de las luminarias		20



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

	Suministro de más unidades de las luminarias ofertadas		10
	Mejoras en la red de alumbrado municipal		15
		TOTAL	89,28

3º	Endesa X Servicios, S.L.	B01788041	Puntuación.
	Características técnicas de las luminarias propuestas		8,03
	Estudio lumínico justificativo		5,53
	Memoria de la ejecución		5
	Plan de mantenimiento y reparación de los bienes suministrados		1
	Precio ofertado sin IVA	613.611,61 €	3,75
	Ampliación del plazo de garantía		20
	Ajuste de temperatura de color de las luminarias		20
	Suministro de más unidades de las luminarias ofertadas		10
	Mejoras en la red de alumbrado municipal		15
		TOTAL	88,31

4º	Ferrovial Servicios, S.A.U.	A80241789	Puntuación.
	Características técnicas de las luminarias propuestas		8,27
	Estudio lumínico justificativo		3,91
	Memoria de la ejecución		5
	Plan de mantenimiento y reparación de los bienes suministrados		2,50
	Precio ofertado sin IVA	624.821,68 €	3,52
	Ampliación del plazo de garantía		20
	Ajuste de temperatura de color de las luminarias		20
	Suministro de más unidades de las luminarias ofertadas		10
	Mejoras en la red de alumbrado municipal		15
		TOTAL	88,20

37

5º	Tecuni, S.A.U.	A48081780	Puntuación.
	Características técnicas de las luminarias propuestas		8,03
	Estudio lumínico justificativo		5,53
	Memoria de la ejecución		2,50
	Plan de mantenimiento y reparación de los bienes suministrados		0,50
	Precio ofertado sin IVA	714.249,80 €	0,70
	Ampliación del plazo de garantía		20
	Ajuste de temperatura de color de las luminarias		20
	Suministro de más unidades de las luminarias ofertadas		10
	Mejoras en la red de alumbrado municipal		15
		TOTAL	82,26

6º	Vilela Electricidad, S.L.	B70469036	Puntuación.
	Características técnicas de las luminarias propuestas		8,03
	Estudio lumínico justificativo		5,53
	Memoria de la ejecución		1
	Plan de mantenimiento y reparación de los bienes suministrados		0,50
	Precio ofertado sin IVA	691.864,40 €	1,41
	Ampliación del plazo de garantía		20
	Ajuste de temperatura de color de las luminarias		20
	Suministro de más unidades de las luminarias ofertadas		10
	Mejoras en la red de alumbrado municipal		15
		TOTAL	81,47

SEGUNDO.- Realizar propuesta de adjudicación a favor del licitador que presentó la mejor oferta:



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Electricidad Cruceiro, S.L.

B15457575

TERCERO.- Requerir al licitador que presente la mejor oferta para que, dentro del plazo de 10 días hábiles a contar desde el siguiente a aquél en que hubiera recibido el requerimiento, presente, por medios electrónicos y con firma electrónica, la documentación indicada en la cláusula 16 del PCAP.>>

Así, no uso das competencias conferidas pola DA 2ª da LCSP e á vista dos antecedentes administrativos sinalados, este Pleno Corporativo **ACORDA:**

PRIMEIRO: Confirmar a exclusión do licitador “EIFFAGE ENERGÍA, SLU” do procedemento de licitación, por non ter presentado correctamente e en prazo, a súa oferta.

SEGUNDO: Confirmar a exclusión dos seguintes licitadores, do procedemento de contratación, por non axustarse as súas ofertas aos requisitos establecidos na documentación que rexe a licitación (PCAP e PPT):

LICITADOR:	Nº de identificación
SECE. Sociedad Española de Construcciones Eléctricas, S.A.	A08001182
Xífram, S.L.	B12657847
Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.	B15025661
Miyares Electricidad, S.L.	B15292220

TERCEIRO: Aprobar a seguinte clasificación por orde decrecente dos licitadores, segundo a puntuación acadada por cada un deles na totalidade dos criterios de adxudicación:

1º	Electricidad Cruceiro, S.L.	B15457575	Puntuación.
	Características técnicas de las luminarias propuestas		8,03
	Estudio lumínico justificativo		5,53
	Memoria de la ejecución		5
	Plan de mantenimiento y reparación de los bienes suministrados		5
	Precio ofertado sin IVA	588.800,00 €	4,26
	Ampliación del plazo de garantía		20
	Ajuste de temperatura de color de las luminarias		20
	Suministro de más unidades de las luminarias ofertadas		10
	Mejoras en la red de alumbrado municipal		15
	TOTAL		92,82

38

2º	Setga, S.L.U.	B36699064	Puntuación.
	Características técnicas de las luminarias propuestas		9
	Estudio lumínico justificativo		1,78
	Memoria de la ejecución		5
	Plan de mantenimiento y reparación de los bienes suministrados		5
	Precio ofertado sin IVA	625.800,00 €	3,50
	Ampliación del plazo de garantía		20
	Ajuste de temperatura de color de las luminarias		20
	Suministro de más unidades de las luminarias ofertadas		10
	Mejoras en la red de alumbrado municipal		15
	TOTAL		89,28

3º	Endesa X Servicios, S.L.	B01788041	Puntuación.
	Características técnicas de las luminarias propuestas		8,03



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

	Estudio lumínico justificativo		5,53
	Memoria de la ejecución		5
	Plan de mantenimiento y reparación de los bienes suministrados		1
	Precio ofertado sin IVA	613.611,61 €	3,75
	Ampliación del plazo de garantía		20
	Ajuste de temperatura de color de las luminarias		20
	Suministro de más unidades de las luminarias ofertadas		10
	Mejoras en la red de alumbrado municipal		15
	TOTAL		88,31

4º	Ferrovial Servicios, S.A.U.	A80241789	Puntuación.
	Características técnicas de las luminarias propuestas		8,27
	Estudio lumínico justificativo		3,91
	Memoria de la ejecución		5
	Plan de mantenimiento y reparación de los bienes suministrados		2,50
	Precio ofertado sin IVA	624.821,68 €	3,52
	Ampliación del plazo de garantía		20
	Ajuste de temperatura de color de las luminarias		20
	Suministro de más unidades de las luminarias ofertadas		10
	Mejoras en la red de alumbrado municipal		15
	TOTAL		88,20

5º	Tecuni, S.A.U.	A48081780	Puntuación.
	Características técnicas de las luminarias propuestas		8,03
	Estudio lumínico justificativo		5,53
	Memoria de la ejecución		2,50
	Plan de mantenimiento y reparación de los bienes suministrados		0,50
	Precio ofertado sin IVA	714.249,80 €	0,70
	Ampliación del plazo de garantía		20
	Ajuste de temperatura de color de las luminarias		20
	Suministro de más unidades de las luminarias ofertadas		10
	Mejoras en la red de alumbrado municipal		15
	TOTAL		82,26

6º	Vilela Electricidad, S.L.	B70469036	Puntuación.
	Características técnicas de las luminarias propuestas		8,03
	Estudio lumínico justificativo		5,53
	Memoria de la ejecución		1
	Plan de mantenimiento y reparación de los bienes suministrados		0,50
	Precio ofertado sin IVA	691.864,40 €	1,41
	Ampliación del plazo de garantía		20
	Ajuste de temperatura de color de las luminarias		20
	Suministro de más unidades de las luminarias ofertadas		10
	Mejoras en la red de alumbrado municipal		15
	TOTAL		81,47

CUARTO: Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquél no que reciba o requirimento, presente, por medios electrónicos e sinatura electrónica, a documentación indicada na cláusula 22 do PCAP:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- Documentación xustificativa de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e Seguridade Social.
- Garantía definitiva por importe do 10% do orzamento de adxudicación do contrato, IVE excluído (58.880,00 €)
- Documentación relativa á capacidade de obrar (cláusula 22.3 do PCAP):
 - o Personalidade xurídica.
 - o Poderes.
 - o Prohibicións para contratar ou incompatibilidades.
 - o Xustificante de inscrición no rexistro de empresas instaladoras de baixa tensión da Comunidade Autónoma de Galicia, ou equivalente de la procedencia da empresa.
 - o Acreditación da solvencia económica e financeira.
 - o Acreditación da solvencia técnica e profesional.
 - o Compromiso de adscrición (de acordo co modelo inserto nos pregos)

QUINTO: Publicar este acordo na Plataforma de Contratación do Sector Público, que actúa como Perfil do Contratante do Concello de Lousame, e notificado aos licitadores.

5.4) MOCIÓN CON MOTIVO DO 25 DE NOVIEMBRE, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

A Alcaldía propón incluír por urxencia no Pleno Ordinario a aprobación da anterior moción. Non lle foi posible incluíla na convocatoria da sesión plenaria ordinaria.

De seguido, somete a votación a urxencia deste asunto.

40

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: ratificar a súa urxencia e a inclusión do seguinte asunto na Orde do Día do Pleno do 27.11.2020: “Moción con motivo do 25 de novembro, día internacional da eliminación da violencia contra a muller”.

A Alcaldía da conta da moción que se somete a aprobación do Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c



Partido Popular de Lousame

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR CON MOTIVO DO 25 DE NOVIEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

O Grupo Municipal Popular no concello de Lousame con arreglo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia de xénero supón a representación máis extrema da desigualdade entre mulleres e homes existente na nosa sociedade e un grave atentado contra os dereitos humanos. Trátase dunha violencia que se dirixe ás mulleres polo mero feito de selo e por ser consideradas polos agresores como carentes dos dereitos mínimos de liberdade, respecto e capacidade de decisión. Os poderes públicos nin deben nin poden ser alleos a este problema e así, no ámbito estatal, aprobouse a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no ámbito autonómico, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo.

Entre os ámbitos sobre os que se proxecta a transversalidade da igualdade e da prevención e loita contra a violencia de xénero atópase o relativo á formación do persoal empregado público.

Claro exemplo foi a aprobación do Decreto 70/2017, de 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

41





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c



Partido Popular de Lousame

A integración da igualdade de oportunidades na totalidade de actuacións das administracións públicas depende, en gran medida, da formación das persoas que traballan nelas. Considérase necesario e imprescindible promover que todo o persoal posúa formación no ámbito da prevención e a loita contra a violencia de xénero.

Esta formación debe abranguer a todos os axentes dos diferentes ámbitos: persoal das administracións públicas, forzas e corpos de seguridade, persoal educativo, sanitario, do terceiro sector ou profesionais do ámbito xurídico.

O deseño de accións formativas pasa de xeito imprescindible por coñecer polo miúdo a lexislación específica en materia de violencia de xénero, pero non pode limitarse a iso. A formación debe orientarse tamén a ofrecer unha atención axeitada, a recoñecer sinais para a detección de casos, a informar sobre os recursos existentes ou a coñecer e aplicar axeitadamente as pautas e protocolos de derivación e/ou intervención.

Así, as entidades locais son para moitas mulleres o primeiro paso para saír do espazo da violencia e de aí a importancia de que o persoal da administración local adquira unha formación continua (non só dirixida ao persoal dos Centros de Información a Muller e dos servizos sociais).

42





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c



Partido Popular de Lousame

Polo exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Lousame presenta os seguintes **ACORDOS**

Insta ao Goberno do Estado a:

Desenvolver as medidas da actuación do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, concretamente as que se recollen no seu Eixo 5 que fai referencia ao impulso da formación dos distintos axentes para garantir a mellor resposta asistencial, xa que para ofrecer ás vítimas de violencia de xénero a mellor asistencia posible é necesario que se amplíe a formación especializada de todos os/as profesionais que interveñen na prevención, protección e axuda psicosocial ás vítimas.

Instar ao Goberno Galego a:

Reforzar o apoio, colaboración e coordinación coas entidades locais en materia de formación do persoal da administración local, concretamente, na sensibilización, prevención e atención integral en materia de violencia de xénero.

En Lousame, a 27 de novembro de 2020.

A PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR NO CONCELLO DE LOUSAME

Asdo.- Dña. M^a Teresa Villaverde Pais





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Entre os voceiros concordan que sexa tratada non como unha moción do GPM do PP senón coma unha moción conxunta.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

<<Instar ao Goberno do Estado a: Desenvolver as medidas de actuación do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, concretamente as que se recollen no seu Eixo 5 que fai referencia ao impulso da formación dos distintos axentes para garantir a mellor resposta asistencial, xa que para ofrecer ás vítimas de violencia de xénero a mellor asistencia posible é necesario que se amplíe a formación especializada de todos os/as profesionais que interveñen na prevención, protección e axuda psicosocial ás vítimas.

Instar ao Goberno Galego a: Reforzar o apoio, colaboración e coordinación coas entidades locais en materia de formación do persoal da Administración local, concretamente, na sensibilización, prevención e atención integral en materia de violencia de xénero>>

5.5) MOCIÓN DO GPM DO PP PARA INSTAR AO GOBERNO A QUE INGRESE AS CONTÍAS DO IVE NON LIQUIDADAS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2017

44

A Alcaldía propón incluír por urxencia no Pleno Ordinario a aprobación da anterior moción. Non lle foi posible incluíla na convocatoria da sesión plenaria ordinaria.

De seguido, somete a votación a urxencia deste asunto.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: ratificar a súa urxencia e a inclusión do seguinte asunto na Orde do Día do Pleno do 27.11.2020: “Moción do GPM do PP para instar ao Goberno a que ingrese as contías do IVE non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017”.

A Alcaldía da conta da moción que se somete a aprobación do Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c



Partido Popular de Lousame

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO A QUE INGRESE AS CONTÍAS DO IVE NON LIQUIDADAS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2017 COMO CONSECUENCIA DA IMPLANTACIÓN DO SUMINISTRO INMEDIATO DE INFORMACIÓN (SII).

O Grupo Municipal Popular no concello de Lousame con arreglo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No **ano 2017** a Axencia Tributaria (AEAT) implantou un novo sistema de xestión do IVE baseado no **Subministro Inmediato de Información (SII)**, que posibilita a levanza case inmediata dos rexistros de facturación a través da Sede Electrónica da AEAT.

Porén, no informe anual de recadación tributaria da AEAT (ano 2017) conséntase que **este novo sistema de xestión do IVE provocou un desprazamento de ingresos ao exercicio 2018**.

Así, expresamente dise no precitado informe da AEAT: *"La entrada en vigor de esta nueva forma de gestión vino acompañada de un retraso en la fecha límite de presentación de las declaraciones mensuales (del 20 al 30 del mes posterior al mes de devengo). La consecuencia fue que las declaraciones devengadas en un mes cualquiera que anteriormente se contabilizaban en el mes siguiente pasaron en su mayor parte a contabilizarse dos meses más tarde. En el conjunto del año, por tanto, solo se contabilizaron, para las empresas acogidas al nuevo sistema, 11 meses de ingresos (el mes de noviembre que antes se recaudaba dentro del año pasó a registrarse en enero del año siguiente). Junto a este desplazamiento de ingresos, el nuevo sistema posibilitó una realización más ágil de las devoluciones, de manera que también por este lado hubo una disminución de ingresos: devoluciones mensuales correspondientes a los últimos meses del año que antes se hubiesen realizado en los primeros meses del siguiente, se realizaron dentro del año 2017. En total ambos cambios*





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c



Partido Popular de Lousame

significaron un traslado de ingresos de 2017 a 2018 por valor de 4.150 millones”.

Como consecuencia da implantación desta medida, a participación das entidades locais nos Ingresos Tributarios do Estado (ITE) caeu dun xeito significativo. As cuantificacións realizadas superan a cifra dos 750 millóns de euros, dos que 54 millóns corresponderíanlle aos 313 concellos e as 4 deputacións galegas.

O desaxuste contable deriva dunha decisión tomada polo Ministerio de Facenda cuxo impacto, en virtude do principio de lealdade institucional, debeu ser compensado no exercicio da liquidación. Sen embargo, sucedeu o contrario, obrigouse as entidades locais a reintegrar unhas importantes contías ao Estado en virtude dunha liquidación viciada polo efecto do SII (-32,8 millóns de euros no total de Galicia).

No caso do noso concello a estimación de entregas a conta do ano 2017 foi de 614.089,56 € e a participación nos ITE tras a implantación SII reduciuse a 595.545,97€, o que nos obrigou a reintegrar ao Estado -18.543,59€. Polo tanto, o Estado debería devolvernos esta contía, así como ingresarnos os 12.615,92€ que nos corresponderían pola liquidación na Participación nos Ingresos Tributarios do Estado se non se aplica o SII. Isto faría un total de 31.159,51€ (18.543,59€+12.615,92€).

A FEGAMP e a FEMP reclamaron en varias ocasións ao Ministerio de Facenda unha solución a esta problemática, asegurando os seus máximos representantes que esta situación non tiña “xustificación real” ou que “ya estamos hablando con el Gobierno de España y claro que se va a recuperar el dinero del IVA”.

Porén, os meses pasan e nestes momentos os concellos necesitamos non só recuperar uns ingresos que lexitimamente nos pertencen, senón tamén liquidez para facer fronte as necesidades sanitarias e sociais derivadas da pandemia.

Estamos ante unha situación inxusta e perxudicial para os municipios galegos que vemos diminuída a nosa capacidade de financiamento e os nosos recursos.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c



Partido Popular de Lousame

Por todo elo, o Grupo Municipal Popular no concello de Lousame, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1. *"Declarar o apoio deste concello ás reivindicacións da FEGAMP e da FEMP para que o Goberno de España ingrese ás entidades locais as contías do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do Subministro Inmediato de Información (SII).*
2. *Instar ao Ministerio de Facenda a que ingrese a este concello 31.159.51€ en concepto de cantidade non liquidada de IVE correspondente ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do Subministro Inmediato de Información (SII).*
3. *Dar traslado destes acordos ao Ministerio de Facenda, á Xunta de Galicia, a FEGAMP e á FEMP"*

47

En Lousame, a 27 de novembro de 2020.

PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR NO CONCELLO DE LOUSAME

Asdo.- Dña. M^a Teresa Villaverde Pais





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldía pregunta se hai intervencións.

O voceiro do GPM do PSdG-PSOE sinala que o seu grupo vaise abster porque non tivo tempo suficiente de estudar o asunto e recabar todos os datos posibles sobre a materia. Considera que estas mocións deberían estar incluídas na convocatoria da sesión plenaria ordinaria. Ademais, se non se equivoca, estaba gobernando o Partido Popular cando se fixo ese cambio.

A Alcadesa sinala que é igual quen estivese gobernando. Esta é unha reclamación de todos os municipios.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por oito (8) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e do Grupo Mixto) e tres (3) abstencións (emitidas polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

<<**Primeiro:** Declarar o apoio deste Concello ás reivindicacións da FEGAMP e da FEMP para que o Goberno de España ingrese ás entidades locais as contías do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do Subministro Inmediato de Información (SII).

Segundo: Instar ao Ministerio de Facenda a que ingrese a este Concello 31.159,51 € en concepto de cantidade non liquidada de IVE correspondente ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do Subministro Inmediato de Información (SII).

48

Terceiro: Dar traslado destes acordos ao Ministerio de Facenda, á Xunta de Galicia, á FEGAMP e á FEMP>>

5.6) MOCIÓN PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A REBAIXAR O IVE DAS MÁSCARAS

A Alcaldía propón incluír por urxencia no Pleno Ordinario a aprobación da anterior moción. Non lle foi posible incluíla na convocatoria da sesión plenaria ordinaria.

De seguido, somete a votación a urxencia deste asunto.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: ratificar a súa urxencia e a inclusión do seguinte asunto na Orde do Día do Pleno do 27.11.2020: “Moción para instar ao Goberno de España a rebaixar o IVE das máscaras”.

A Alcaldía da conta da moción que se somete a aprobación do Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c



Partido Popular de Lousame

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL POPULAR NO CONCELLO DE LOUSAME. PARA INSTAR O GOBERNO DE ESPAÑA A REBAIXAR O IVE DAS MÁSCARAS

O Grupo Municipal Popular no Concello de Lousame conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que o pasado 14 de marzo decretábase o estado de alarma como consecuencia do coronavirus, a vida dos españois cambiou radicalmente en todos os ámbitos: educativo, familiar, social, laboral e económico.

Hoxe, convertéronse en imprescindibles algúns artigos básicos de protección como luvas, hidroxeles e, especialmente, as máscaras debido a que, tras meses negando a súa utilidade e que fose necesario o seu uso para protexerse do virus, o Goberno de España converteu o seu uso en obrigatorio a través da orde SND/422/2020, do 19 de maio, pola que se regulan as condicións para o uso obrigatorio da máscara durante a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

A pesar do seu carácter de ben de primeira necesidade, ás máscaras (e ao resto de produtos mencionados) aplícaselles o tipo máximo de IVE (21%) o que implica que, para unha familia tipo de catro membros, o custo mensual neste elemento protector pode oscilar entre os 70 e 150 euros dependendo do tipo de máscara (hixiénica, cirúrxica ou autofiltrante) segundo a Organización de Consumidores e Usuarios (OCU).

E o Goberno de España negouse a reducir o tipo de IVE aplicable ás máscaras utilizando o falso argumento de que a normativa europea "prohibe que se poida baixar" este imposto á venda de máscaras.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c



Partido Popular de Lousame

Un argumento que xa foi rebatido por:

- a Comisión Europea, que confirmou que non ten previsto sancionar a aqueles países que baixen o IVE das máscaras aínda que si exista un regulamento que non permita aos países da Unión Europea baixar devandito prezo

- e pola propia realidade xa que numerosos países europeos aplican tipos de IVE/IVE máis baixos ás máscaras que o que se aplica en España:

- } Alemaña: 5%

- } Francia: 5,5%

- } Portugal: 6%

- } Países Baixos, Bélxica e Italia: as máscaras están exentas de IVE.

Doutra banda, no noso país o prezo da máscara cirúrxica foi fixado polo Goberno en 0,96 euros a unidade mentres que en Italia custa 0,50 euros e en Portugal pódese comprar unha caixa de 20 máscaras por só 1,74 euros.

O Partido Popular solicitou dende o pasado mes de abril ao goberno a rebaixa do tipo de IVE aplicable ás máscaras en reiteradas ocasións pero sempre obtivo unha negativa por resposta.

O Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2021 presentado hai unhas semanas polo goberno non inclúe ningunha rebaixa no IVE aplicable a este produto e se aumenta determinados impostos e taxas que afectan a todos os españois.

50





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c



Partido Popular de Lousame

Polo exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Lousame presenta os seguintes **ACORDOS**:

Instar o goberno de España a: Modificar a Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido, para incluír, non só as máscaras cirúrxicas senón a todo tipo de máscaras, luvas e hidroxeles desinfectantes na listaxe de bens aos que se lles aplica o tipo super reducido do IVE do 4% Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno e á Ministra de Facenda.

En Lousame, a 27 de novembro de 2020.

A PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR NO CONCELLO DE LOUSAME

Asdo.- Dña. Mª Teresa Villaverde Pais

51





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Entre os voceiros concordan que sexa tratada non como unha moción do GPM do PP senón coma unha moción conxunta.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

“Primeiro: Instar ao goberno de España a: Modificar a Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido, para incluír, non só as máscaras cirúrxicas senón a todo tipo de máscaras, luvas e hidroxelos desinfectantes na listaxe de bens aos que se lles aplica o tipo súper reducido do IVE do 4%.

Segundo: Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno e á Ministra de Facenda”

Toma a palabra o voceiro do Grupo Mixto, sinalando que quería presentar unha moción que lle pasou a *Plataforma de Emigrantes Retornados*. Non lle foi posible presentala o outro día, e gustaríalle presentala hoxe por urxencia.

A Alcaldesa non sabe o que pensa o outro grupo da oposición. Pero quizá sería bo que a moción poida ser revisada por cada grupo e logo ser presentada de xeito conxunto na próxima convocatoria do Pleno.

O voceiro do Grupo Mixto amosa a súa disposición, e polo tanto, finalmente non presenta a moción por razón de urxencia.

52

6) ROGOS E PREGUNTAS

O voceiro do PSdG-PSOE formula os seguintes rogos e preguntas:

1. Podería aclarar que hai de certo na posible existencia dun Obradoiro de Emprego Noia-Lousame relativo a carpintería, forestal...? Está dirixido a persoas en paro.

Alcaldesa: Chegou a resolución non fai moito. Gustaríame telo chamado antes pero non me foi posible. Logo xa lle explicará a razón fóra do Pleno. Agradece a pregunta porque lle permite difundir que todos aqueles que queiran participar, que deben ter o Graduado ou equivalente, durante un período de 9 meses, poden facelo. Neste momento están traballando 4 persoas que se formaron no anterior Obradoiro de Emprego. Os que queiran participar que se inscriban, xa que ademais conseguirán o certificado de cualificación profesional.

Está dirixido a persoas desempregadas.





2. Que tarefa desenvolve a empresa GT Gomunicación?

Alcaldesa: Asiste para a gravación dos Plenos, elaborar contidos para o Facebook, anuncios que interesan ás poboacións (normas, publicacións, etc). Pódese comprobar na páxina web, á que hai que pasarlle aos contidos. Ao Concello élle imposible poder facer ese traballo a tempo.

Voceiro do PSdG-PSOE: Cando se contratou a Alcaldesa deu unha explicación que ía noutro sentido. Non vexo que na rede haxa unha actividade informativa continua. Todo o contrario, creo que nas redes o Concello está pecando de pouca información. E estanse pagando 600 euros todos os meses nun proxecto de "participación cidadá".

Alcaldesa: Estou confundíndome. Quen fai os traballos que antes mencionaba, de gravar os Plenos, elaborar os contidos... Non é GT Comunicación senón Nos Comunicación. Este proxecto de participación da cidadanía está pensado para cando haxa un evento, por exemplo deportivo, se entreviste ás persoas. E gustaríanos abrillo máis, pero iso ten outro custo que o Concello non o pode asumir. A ver se para o ano somos capaces e senón abordarse en dous anos. Non é doado. Hai que colgar os proxectos... Hai que decidir que parte se colle desa participación cidadá. Pídolle perdón porque ao principio estaba contestando en relación a outra empresa.

O voceiro do Grupo Mixto formula os seguintes rogos e preguntas:

53

1. Estiven revisando a programación das actividades culturais e non atopei ningunha relativa ao Nadal nin á figura galega do Apalpador. Vaise facer algo ao respecto?

Alcaldesa: Xa tivemos reunións co Departamento de Cultura. En principio non sacaron nada porque estamos á espera do que poida pasar. Gustaríanos que estar nunha situación de normalidade... Pero non é así. Temos barallado unha opción, que sería diferente á dos anos anteriores... Pero todo dependendo de como vaia evolucionando todo. Non queremos correr ningún risco, pero tampouco deixar de celebrar o Nadal. Hai que esperar. Non sería bo dar a información de que vai haber celebracións do Nadal e logo saír aos tres días dicindo que non pode ser. Hai que esperar e logo da Ponte seguramente teñamos máis datos sanitarios, de evolución... Logo podemos facer unha reunión de voceiros e expoñer as actividades. Se teñen opción de mellorar, pídolle que aporten ideas. Pero nunca farán nada que poida poñer en perigo a seguridade dos cidadáns.

2. Hai una factura de Confecciones Hortensia por valor de 1.090 €. Para que se utilizaron esas máscaras? Son de tela?

Alcaldesa: Hai unhas que se repartiron entre a poboación, outras repártense nas diferentes actividades que organiza o Concello, outras repártense entre os traballadores do Concello... As máscaras están homologadas con certificación, senón, non se mercarían. Compráronse a varias empresas... Non lle sabería dicir porque foron varias. Igual que os xeles





hidroalcolicos, o líquido para as alfombras, termómetros, sprays para os xoguetes dos nenos, pantallas para as traballadoras de atención a domicilio, etcétera.

3. Atoparon unha factura de Repsol Butano, a factura 2020/733 e 2020/734, por valor de 248 euros. Será un erro?

Alcaldía: Mirámolo co Departamento de Contabilidade e logo respondémoslle.

4. Como está o tema da entrada do Concello de Lousame na Área Metropolitana de Santiago? Temos constancia de que se fixo un convenio novo entre os Concellos e Lousame non aparece.

Alcaldesa: Ten solicitada unha entrevista. Non puido acudir nestes últimos 15 días. En breve acudirá a Santiago a tratar este asunto; o que logo lle comentarei na Comisión Informativa.

5. Sábese algo do Inventario de Bens Municipais?

Alcaldesa: Hai un mes houbo unha reunión entre o técnico do Concello e o técnico da empresa que se está ocupando deste asunto. Déronse indicación de incluír camiños que non figuraban e sacar outros onde agora non hai camiño. Tan pronto estea traerese a Pleno. É un traballo complexo. Cando estea listo, antes de levar a Pleno, ensinarello a todos os grupos; ou farase unha reunión co técnico, nese sentido.

54

6. A principios de ano discutimos sobre os cartos que mandaba a Deputación ao Concello de Lousame. Que opinión ten a Alcaldesa sobre os orzamentos da Xunta? Nesos orzamentos non aparece o Concello de Lousame con ningunha gran obra. A Alcaldesa saíu na prensa dicindo que tiña un compromiso coa Xunta de que se vai facer algunha obra en Lousame, pero a nós non nos vale ese compromiso. Lousame non aparece nesos Orzamentos como si aparecen outros Concellos, como o de Noia, o de Porto do Son, etcétera.

Alcaldesa: Nós pensamos o mesmo ca vostede. O Concello de Lousame vai en partidas xenéricas, e tamén nos gustaría ter unha partida desa contía de xeito nominativo. Ela non vai dicir nada que non sexa seguro. Está loitando por un saneamento e tamén por unha estrada que vai de Noia a Augasantas. Tamén lle plantexou a continuidade da estrada que vai dende o Concello até San Roquiño e continuar dende San Roquiño até a estrada da Deputación. Tamén ten pedida unha reunión co Presidente da Deputación para que actúe en diversas vías da súa titularidade que están dun xeito lamentable.

7. Viron varias resolucións da Alcaldía relacionadas coa Taxa da hixiene urbana. Están ao día todas as casas? Aínda quedan casas por meter? Como se vai facer o cobro? Todo xunto ou vaise fraccionar? Se alguén está en risco de exclusión, pódese condonar a débeda?





Alcaldesa: Tivemos unha persoa facendo prácticas da súa carreira, tanto na área xurídica como na área de Urbanismo. Foi un traballo moi difícil o de localizar as edificacións que figuraban como vivendas pero non constaban dadas de alta no padrón do lixo. A meirande parte das persoas pagaron. Hai algunha casuística puntual que pode dar lugar á presentación de alegacións. E haberá que revisalas e ver se teñen razón ou non. E logo hai persoas que poden solicitar tamén o fraccionamento.

A petición da Alcaldesa, a Secretaria-Interventora explica que agora o que se lle mandou aos veciños foi unha liquidación provisional outorgándoselle un trámite de audiencia para que poidan alegar o que estimen conveniente. Tamén se lle dá a oportunidade de efectuar o ingreso se están de acordo e non quere interpoñer ningunha alegación. Rematado este proceso, emitirase a liquidación definitiva e aí outórganse uns prazos para efectuar o ingreso en período voluntario. Se non pagan no período voluntario de ingreso, iríase ao período executivo.

8. *Gustaríame saber se vostede, como Alcaldesa de Lousame, avoga polo actual sistema que ten a Mancomunidade con Fomento, con outra empresa, integrarse en SOGAMA ou a xestión propia.*

Alcaldesa: Seguramente vostede teña máis información ca min. Ningún Alcalde me comentou de maneira formal ou informal cal era a súa intención. Están preocupados porque se está esgotando o tempo do contrato e debería haber un estudo de viabilidade... Que quero eu? Eu preguntaría-lle a vostede, pero non me ten que contestar.... Cal é a actual xestión da Mancomunidade? Eu o que quero é unha xestión que sexa efectiva, que respecte a norma.

Voceiro do Grupo Mixto: Hai Alcaldes que queren a prórroga, outros queren darlle o contrato a outra empresa e outros a xestión directa.

Alcaldesa: A ver... Non se lle dá nada a ninguén. O que haberá é que licitar, elaborando uns novos Pregos que regulen como será o funcionamento do novo modelo. Supoño que esta experiencia nos valería para aprender e faremos uns Pregos corrixindo os erros que se foron detectando.

9. *Nos gustaría que cada vez que se celebrase unha Xunta Reitora da Mancomunidade se nos convocase a unha xuntanza de voceiros; ou se fose posible crear unha Comisión Informativa especial para tratar este tema.*

Alcaldesa: Por que non dirixe todas as súas dúbidas á Presidencia da Mancomunidade? Aquí non ten que ver a opinión da Alcaldesa de Lousame, que pode ter a súa opinión persoal. Pero esta opinión non a vou a manifestar sen antes escoitar ao Presidente da Mancomunidade, ao Secretario e aos técnicos que alí traballan.

Voceiro do Grupo Mixto: Pero eu falo de crear unha comisión ou un grupo de traballo dentro do Concello de Lousame, para abordar este tema. E todo isto para intentar, dende o Concello de Lousame, que é un dos máis afectados por este tema, sacar unha visión conxunta de futuro para a planta, olvidándonos de partidismos neste tema tan importante. É unha das primeiras que se creou no Estado Español, a primeira en Galiza e corre o risco de desaparecer. Eu asinei un escrito xunto con outros compañeiros, dirixido á Presidencia da Mancomunidade e pedindo que se celebre unha Asemblea. Non se nos convocou a ningunha Asemblea dende o ano 2019.

Alcaldesa: Esa pregunta sobre a celebración das Asembleas xa a trasladei nunha reunión anterior e dixéronme que non se tivera celebrado ningunha... Insisto en que todas estas preguntas debería dirixilas á Presidencia da Mancomunidade. En canto aos intereses de





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Lousame, considera que dende o Concello debemos velar polos intereses dos veciños e veciñas de Lousame. Para isto hai que facer un estudo importante da situación e dos impactos. Noutros sitios onde hai infraestruturas similares se fixo ese traballo. Non pode ser que Lousame teña o servizo de recollida na situación na que está, que teña os colectores como están... E iso que xa os comprou todos... Ela xa contactou cunha empresa, que ten experiencia no sector do lixo, e conseguir para Lousame, non digo beneficio... Digo xustiza. Imaxine a volume de lixo que supón algún dos Concellos grandes, co volume de lixo que pode xerar Lousame. Pero todo vai parar ás instalacións emprazadas no noso Concello. O Concello de Lousame debera ter unha compensación medio ambiental. Por iso imos crear unha liña de traballo neste sentido.

Voceiro do Grupo Mixto: Por iso lle digo que sería bo crear esa Comisión de estudo.

Alcaldesa: Pero eu creo que ese grupo de traballo, ese análise do futuro da planta... debe producirse no seo da Mancomunidad. A nivel de Lousame debemos traballar noutros aspectos.

Voceiro do Grupo Mixto: A nivel de Lousame poderíamos crear esa comisión para falar, aportar ideas, e o que sinala vostede... tamén é algo que debería tratarse nesa comisión. E acadar unha visión conxunta os tres partidos para enfrontarnos á Mancomunidad. O que non é de recibo e que Lousame pague os contedores para todos os Concellos.

Alcaldesa: Nós non pagamos os contedores doutros Concellos, pagamos os nosos. Que sucede? Que nun reparto arbitrario, eses contedores nos que poñía Fondo de Compensación Ambiental de Lousame, foron colocados noutros Concellos da Mancomunidad. E pode comprobar como están eses contedores e como están os nosos, os que están colocados en Lousame. Mande a dous concelleiros facer un inventario dos nosos contedores, con emprazamento e fotografías.... Cando viron sacando fotos a alguén... Cambiaron ese, pero nin tan sequera o cambiaron por un novo, senón por un usado. E me parece fatal que nos traten así, a Mancomunidad e os que poñen os contedores. Na última reunión, onde manifestei isto mesmo, pero con maior vehemencia, me dixeron que estaban esperando unha partida de novos contedores....

Voceiro do Grupo Mixto: Simplemente quero dicir que xa diriximos un escrito pedindo a celebración da Asemblea. Sabemos que non é un momento doado de celebrala polo tema do Covid-19. Haina que convocar coa periodicidade un ano.... E en decembro xa levamos un ano sen que se teña celebrado. A última tivo lugar en maio de 2019. Por iso a nosa teima en convocar unha Asemblea. E a concesión vai rematar en breve.

Alcaldesa: Seguro que están traballando niso. Pero comentarei esta circunstancia e interesareime.

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte e dúas horas e cinco minutos (22:05 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A ALCALDESA-PRESIDENTA

María Teresa Villaverde Pais

A SECRETARIA-INTERVENTORA

Paula Ares Otero

